

Para tales efectos, 30/360 ten o significado que se lle asigna nas definicións ISDA 2006 publicadas pola *International Swaps and Derivatives Association*.

Tipo base ou índice: será o incremento porcentual relativo non revisado interanual, en tanto por cento, do mes de decembro do índice xeral nacional de prezos de consumo de España non revisado (IPC), incluíndo tabaco, base 2006, ou outro que o substitúa, calculado e publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) a través da súa páxina web, ou organismo oficial que o substitúa, cun mínimo do 0,0% e redondeado a un único decimal.

O tipo base será o que publique o Instituto Nacional de Estatística mediante certificado baixo petición, e a primeira publicación ou anuncio dun nivel do devandido índice será definitiva e concluínte, e as revisións que con posterioridade poidan realizarse do devandito nivel non se utilizarán en ningún cálculo.

Se o índice non estiver dispoñible por vía do correspondente certificado, calcularase segundo apareza na pantalla Bloomberg baixo a mención <SPIPC Index> en Bloomberg. O índice así calculado estará suxeito a un mínimo do 0,00% e redondeado a un único decimal.

Inflación<sub>i-1</sub>: [(SPIPC (i-1) – SPIPC (i-2))/SPIPC (i-2)].

SPIPC<sub>i-1</sub>: SPIPC (i-1) significa o nivel do índice (SPIPC) en relación co mes de decembro, 11 meses antes de que finalice o correspondente período de devengo de cupóns.

SPIPC<sub>i-2</sub>: SPIPC (i-2) significa o nivel do índice (SPIPC) en relación co mes de decembro, 23 meses antes de que finalice o correspondente período de devengo de cupóns.

Pagamento de xuros e amortización: o pagamento dos xuros e a amortización da débeda serán realizados polo *Banco de España*, consonte o establecido no convenio marco, do 7 de novembro de 2005, sobre prestación do servizo de tesouraría e do servizo financeiro da débeda pública.

Lei aplicable: as obrigacións e todas as cuestións que deriven ou garden relación coas obrigacións rexeranse e interpretaranse de conformidade coas leis españolas.

Xurisdición: os tribunais da cidade de Madrid teñen xurisdición exclusiva para resolver calquera disputa que xurda ou estea relacionada coas obrigacións.

Notificacións: as notificacións aos titulares das obrigacións serán válidas se se publican no *Diario Oficial de Galicia* e nun diario de gran circulación en España.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 12 de novembro de 2010 pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 26 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN201G).*

A Orde do 26 de xullo de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 152, do 10 de agosto, corrixida no DOG número 162, do 24 de agosto, establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN201G).

No artigo 17º.1 do anexo I establécese que para cobrar a subvención, o/a beneficiario/a presentará, no respectivo departamento territorial competente en materia de artesanía ou nos servizos centrais da Consellería de Economía e Industria, ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, orixinal ou copia compulsada da documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 20 de novembro de 2010 inclusive.

Tendo en conta o atraso producido na resolución da devandita axuda, motivado polo volume de solicitudes presentadas, e polo longo proceso de avaliación, e, co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o devandito precepto.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren o artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

#### *DISPOÑO:*

Artigo único.-Modificación do artigo 17º.1 do anexo I da Orde do 26 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN201G).

O primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 17º do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para cobrar a subvención, o/a beneficiario/a presentará no respectivo departamento territorial

competente en materia de artesanía ou nos servizos centrais da Consellería de Economía e Industria, ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, orixinal ou copia compulsada da documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 15 de decembro de 2010, inclusive, e constará dos seguintes documentos:».

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Resolución do 29 de outubro de 2010 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.*

De conformidade co disposto no artigo 18º.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15º.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social, para a realización de programas de incorporación sociolaboral que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Norma reguladora: Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a

inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social (*Diario Oficial de Galicia* nº 51, do 16 de marzo).

Crédito orzamentario: 757.000 euros, na aplicación orzamentaria 12.02.312F.481.6.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

### ANEXO

Solicitante	Programa	Concedido
Asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña	Obradoiro de floricultura ecolóxica	3.000 euros
AFAES Porta Nova	Proxecto Costurarte	8.000 euros
APES-Asociación Prevención da Exclusión Social	Programa Liberto	7.900 euros
Asociación BATA (Tratamento Contra o Autismo)	Rede social de apoios para persoas con autismo e discapacidade intelectual	8.000 euros
Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo	Servizo de inserción laboral e apoio á formación	7.500 euros
Asociación Cultural Imperio	Curso atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións	10.000 euros
Asociación Cultural Os Muños da Ribeira	Curso de preparación teórico-práctica de capacitación profesional	5.500 euros
Asociación ASFEM (Desarrollo Sociocultural Formación y Empleo)	Programa Adiante. Priorizando curso de carné de conducir, curso de auxiliar de xeriatría, curso de alfabetización informática e iniciación á rede da internet e formación para a mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes	11.000 euros
Asociación Familiares e Enferm@s Mentais Lenda	Vamos! Proxecto integral sociolaboral. Creación servizo acompañamento terapéutico	5.000 euros
Asociación Familiares y Enfermos Mentales Morea	Obradoiro de capacitación laboral: horticultura ecolóxica (Verín); enmarcación (O Barco de Valdeorras)	5.000 euros
Asociación Galega para a Formación de Mulleres Agafom	Donas e Nen@s	7.000 euros
Asociación Gallega pro Desarrollo de África Equus Zebra	Proxecto de inserción laboral	6.000 euros
Asociación AMFAR (Mulleres e Familias Ámbito Rural Galego)	Curso de formación básica cultivos hortícolas ao aire libre e en invernadoiro	9.000 euros
Asociación Mulleres Progresistas de Vigo	Servizo de Kanguros	7.500 euros
Asociación Plataforma polo Emprego	Programa Insire	19.000 euros
Asociación pro Enfermos Mentais APEM	Incorporación sociolaboral de persoas con enfermidade mental	27.000 euros
Asociación Promoción e Integración Gitana	Programa de acompañamento ao emprego 2010	25.000 euros
Asociación Síndrome de Down Teima	Servizo de inclusión social e laboral	7.500 euros
Asociación Viguesa de Alcohología Asvidal	Programa de capacitación para a incorporación sociolaboral	9.500 euros
Asociación Amipa	Apoio aos procesos de inclusión das persoas con discapacidade intelectual na Comarca do Sar	8.000 euros
Asociación Aspas	Curso adaptado de operarios de explotación frutícola para persoas con discapacidade intelectual	7.000 euros
Asociación Autismo Ourense	Programa integración sociolaboral de mulleres con persoa con trastorno xeralizado do desenvolvemento a cargo	5.000 euros
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Programas integrais de base comunitaria en zonas rurais para favorecer a inclusión social e laboral	5.000 euros
Asociación de ayuda a la vida Ayuri	Curso de costura para o autoemprego	5.000 euros
Asociación del Pueblo Gitano	Alfabetización viaria zona Marín	14.000 euros
Asociación Dignidad Ferrol	Operador básico de cociña	13.000 euros
Asociación Down Coruña	Servizo de inclusión social e laboral	15.000 euros
Asociación Down Ourense	Servizo de inclusión social e laboral	10.500 euros